

Colección
NARRATIVAS QUENTES

INFIDELICIDADES
M. Lourenzo González

XEOGRAFÍAS
Francisco Castro

O LOBO DA XENTE
Alberte Momán

Os milagres de Cristamar,
cunha escrita que te enreda e
te secuestra, que non te deixa e
te reconcilia coa literatura, é a
novela gañadora da IV edición
do premio *Narrativas Quentes*.

Nesta novela, ambientada
canda o famoso terremoto de
Lisboa, e tan intensa como
curta, hai prostitutas, monxas,
hermafroditas e castratos,
mariñeiros...

É tamén *Os milagres de
Cristamar* unha homenaxe á
Coruña, cidade sempre vencella-
da ao cristal e ao mar,
Cristamar.



POSITIVAS

Chelo Suárez

Os milagres de Cristamar

Os milagres de Cristamar

Chelo Suárez



Chelo Suárez Muíños, natural
da Coruña, é poeta e narradora.
Leva moitos anos escribindo,
aínda que só recentemente
decidiu facer públicos os seus
escritos.

Asinou diversos textos tamén
baixo os seudónimos de
Amara Orzania e Puliana
Marful.

En 2003 publicou a novela
Flor de xiz (Primera Persona).
E no 2007 *A venus de cristal*
(Ed. Xerais)

Colaborou con Radio Oleiros,
sempre con textos de creación
literaria.

Proximamente publicará o seu
primeiro poemario na editorial
Espiral Maior.

NARRATIVAS QUENTES
POSITIVAS

**OS MILAGRES DE
CRISTAMAR**

Os Milagres de Cristamar gañou
o IV premio de Narrativas Quentes, 2008.

narrativas

OS MILAGRES DE CRISTAMAR

=====
Chelo Suárez

Primeira Edición: xullo 2008

© Chelo Suárez

© Edicións Positivas s. l.

Xeneral Pardiñas, 15-17, galerías
15701 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel.: 981553051 - 660397064

positivas@edicionspositivas.com
www.edicionspositivas.com

ISBN: 978-84-87783-95-1
Dep.Legal: C 2012-2008

POSITIVAS

A Pepe Muíños, in memoriam

A Nita Neira Sobral

Monxas, beatas, nenas de cera, mentres as ondas
lamben as ourelas da antiga e renovada Cristamar,
invoco a vosa presenza.

Vinde, bonecas mortas, envoltas en sudarios de pecado
e expiación, acubilladas en cadaleitos de chumbo,
pedra e cristal, soterradas nun xardín de argazos, dalías
e camelias. Chegade nesta hora, en que o sol está a
pechar as pálpebras e os soños, bolboretas de fume,
acadan o afastado horizonte dunha estrela. Coa noite,
cae sobre nós un recendo de almas e candeas.
Un murmurio de oracións fuxitivo e animal. Visións,
ás de incenso, pálidas mans que esvaran apresuradas
polas doas dun rosario, ate afundirse, demorándose,
no enredado e louro veludo dunha pube...

INTROITO

De como nace un soño

Nunha cidade mariñeira e moi antiga, amasada con ventos, pedra, vidro e luz, asentada no colo de dous contraditorios mares, viviu hai moito, moitísimo tempo, un navegante aventureiro, ao que o atraían os misterios e tesouros ocultos no fondo dos océanos. Como bo mariño, era home de memoria e gran fantasía. Un gran fabulador. Dende neno, engaiolado polo mar, fitábao teimudo, subxugado polas profundidades oceánicas, pois cría que todo canto non lle fora revelado tiña alí a súa orixe.

Un día, co pulo de calmar esas arelas, mergullouse no mar. Afanoso nadou baixo das augas, na procura de non sabía qué, marabillándose da grandeza dun mundo poboado de sorprendentes e fascinantes criaturas, que estaban a chamalo baixo as capas máis profundas... Un mundo cheo de enigmas, naos pantasma e riquezas que se cadra endexamais serían encontradas. Por un intre, sentiuse rei do vasto reino salgado, reino habitado coma el, tamén ás veces, de silencio e irrealidade.

No profundo, nun xardín de area e argazos, descubriu medio soterrada entre o limo unha ánfora. Colleuna. Ao movela e tocar a rugosa superficie recuberta pola ferruxe do tempo, pareceulle escoitar uns borboriños que xurdían do ventre de arxila... Sen soltala subiu, cheo de emocionante expectativa, á superficie.

Mentres ascendía, sentía tal ansia que deu en acorar...

Logo de calmarse, nadou apresurado ate a praia e baixo a luz do sol contemplou compracido o seu achado, acariciando a áspera pel da xerra milenaria. O estreito colo, as curvas, tan semellantes a un corpo de muller...

Atopara o seu tesouro...

Excitado dispúxose a abrila, esperando encontrar nela un gran tesouro: perlas, diamantes, rubís, moedas de ouro... Ou se cadra, pergamiños que gardasen a memoria dalgún pobo somerxido; pistas que lle revelasen datos acerca do mítico continente desaparecido. A suxestiva Atlántida. Na que sempre creu.

Estaba baleira.

Decepcionado volveuna ao mar, tendeuse no areal... pechou os ollos... e anainado pola rítmica cadencia das ondas, púxose a matinar nas sinuosas e femininas formas, nos segredos que a ánfora non contiña.

OS MILAGRES DE CRISTAMAR

PRIMEIRA ANDAINA

Que trata da vida e milagres de santa Branca Odisea

Xunto ao calello do Galo Falangueiro, a rúa de putas con máis sona e a un tempo lustre e sordidez de Cristamar, atopábase parede por medio o convento das Odiseas Descalzas, famoso polo atípico da súa fundación e pola insólita capela de relicarios e santos custodiados por aquelas benditas monxas, entre os que salientaba o corpo incorrupto de santa Branca Odisea, patroa circunstancial de todos os cristamariños dende había máis dun século.

A santa, tan agasallada polas monxas daquel singular convento como polas putas da vecindade, era oriente e consolo de unhas e das outras, e de todas as que nin se tiñan por lurpias nin por beatas naquela prodixiosa cidade.

Cristamar deitábase preguiceira no colo de dous contraditorios mares: O Bravo e o Apracible. Nada das entrañas do océano axuntaba en máximo equilibrio pedra, luz, vidro e auga. Cristamar, a inigualable e mítica Cristamar, corpo luminoso de serea varada entre praias e mares de airada escuma. A trobada e ensalzada por canto poeta e mariño arribou nela nas súas singraduras.

Maridos cínicos, mulleres infieis, mozos, nenos, vellos,

e demais honorables e ate os máis descridos veciños que compoñían o censo de Cristamar adoraban a Branca Odisea con exaltada devoción.

Entre outros portentos, atribuíanlle á santa milagrosas curacións. Maiormente no que concernía aos desacougos e ardentías propiciados polas fames de xunto o cu. De feito que na capela había paredes enteiras cubertas de exvotos de cera. Paos virís maiormente, que os agradecidos doentes lle ofrecían á santa cando curaban, mediante a súa axuda, do que eles tan chuscamente denominaban decaementos das vías baixas.

A historia da ben amada Branca Odisea viña dun tempo no que ao peirao de Cristamar arribaban de cotío moreas de comerciantes, mariños e mariñeiros de moi diversa natureza. Entre eles, certos estranxeiros, saqueadores da peor condición, que atraídos pola beleza das cristamariñas, daban unha volta de cando en vez pola vila, adobiados con perfumes, xoias, turbantes de seda e calzados con babuchas recamadas de pedrería. Presentábanse os moi ladinos como ricos mercadores do Surinamsur, país que segundo eles caía á esquerda de Xatatopei, lugar que ninguén sabía ónde diaños estaba ubicado. Mais baixo a roupa agachaban os rufiáns alfanxes e afiadísimos coitelos, e logo de percorrer as rúas da vila tocando a fruta rizada, paraban aquí e alá, calibrando con ollo sagaz as mozas. Elas, confiadas, saían moi contentas aos balcóns a botar un parrafeo cos que tomaban por xentís visitantes.

Non perdían o tempo os Surinamsureños pois en canto

podían, ousados eles, secuestraban as máis fermosas, para vendelas logo nos mercados de escravas turcos. As cristamariñas eran moi cobizadas nos serrallos mouriscos; mais ao non estar afeitadas á impetuosidade de tales homes, morrían nos haréns de vergoña e señaardade, deixando o corazón dos fogosos amantes feridos para sempre de amor e de nostalxia. Tanto era así, que non volvían a tocar muller como non fose daquela raza, que pola cor e finura da cute, parecíanlles amasadas con leite e rosas aos infieis mouros as feiticeiras cristamariñas.

Sentíanse moi orgullosos os habitantes de Cristamar dun xigantesco e lendario faro dotado dun portentoso ollo, ciclope de pedra que se elevaba preto da costa no medio dunha enorme e árida rocha. A illa Percebeira, punto de encontro de todos os ventos, azoutada polo mar airado. A luz do faro, coñecido tamén como a torre do Encantamento, alimentada pola man do misterio, endexamais se apagaba, e iluminaba as augas ate a fondura do océano, descubriendo en determinadas épocas do ano certas marabillas que se criaban entre as rochas baixo a illa Percebeira.

Marabillas das que se falará máis adiante.

A buguina do faro tiña un son nostáxico de ánima ferida. Chamaba polos barcos con engaiolante voz. Se eran naos inimigas enfeitizábaas, e empurradas polos ventos contrarios ían dereitas a estrelarse contra as rompentes da Percebeira. Se amigas, malia as brétemas e o temporal, seguían ruta sen variar rumbo ate tocar porto, coma se fosen guiadas por unhas mans de seda.

Hai noticias de que no alborear dunha tranquila e nubrada mañá de finais de agosto, un gran número de naos, ao socairo dun vento favorable, invadiron por sorpresa as costas de Cristamar. As embarcacións de seguida puxeron proa a terra, quedando claras as intencións que guiaban aos seus tripulantes. Con moita algazara, centos de homes de fera aparencia, armados ate os dentes, aprestábanse nas cubertas para a loita. Eran piratas do Surinamsur que a cara descuberta viñan dispostos ao saqueo das mozas.

Alporizados ante a inminencia do ataque, e sen tempo de organizar a defensa, o primeiro que se lles ocorreu aos cristamariños foi unha idea terrible.

A de sacrificar as mulleres e fillas de contado.

Estaban dispostos a degolalas denantes de consentir que aqueles pillabáns as aldraxasen. Se as querían levar, había de ser mortas.

Mais entón tivo lugar un acontecemento que fixo innecesario o bárbaro holocausto.

Branca Odisea, moza de incomparable beleza, coñecida tamén polo alcume de Flor do Mar, nun acto de heroísmo, tan insólito como inesperado, salvou das gadoupas dos mouriscos as súas conveciñas. Xesta que todo Cristamar lle había de agradecer santificándoa nos vindeiros tempos.

Dezasete anos atrás, a rapaza fora avistada nun caiuco polos tripulantes dunha nave cristamariña que facía a ruta da seda e das especias. A nena, arrolada polas ondas, durmía placidamente no vello cascallo no medio do

océano. Ao capitán da nao pareceulle cousa de milagre atopar sa e salva a criatura neonata. Pola diversidade de lapas e algas apegadas ao casco da pequena embarcación, calculou que tiña percorrido moitos mares. Que explicación tiña aquel misterio? Non a había. Convencido de que a nena era filla dun prodixio e, polo tanto, unha predestinada, decidiu adoptala, poñéndolle os nomes de Branca pola súa beleza, e Odisea polas circunstancias nas que fora encontrada.

Branca, medrou no fogar do mariño converténdose no seu ben máis prezado, pero eran tales os seus encantos, que o home, celoso, gardábaa na casa baixo sete chaves. A moza, que sufría en silencio a catividade á que a tiñan sometida, asomada á fiestra do seu cuarto aberta ao mar, estaba sempre a contemplar o océano, facéndose mil preguntas sobre a súa misteriosa orixe. Vivía convencida de que ese mar, que a puxera nas mans do tiránico navegante, dalgún xeito había cambiar o seu destino.

O día da invasión, Branca Odisea foi a primeiriña en avistar as naos inimigas, que coas incertas luces do amencer, baixo un ceo esmaltado de nubes avermelladas, fondearon na baía. Aqueles trazos sangüentos no azul, parecerónlle á rapariga un mal presaxio.

Cristamar durmía acubillada nun estraño silencio, allea ao perigo que se aveciñaba. Os cristamariños, dispostos a degolar o mullerío, e entregar así aos rufiáns un tributo de cadáveres, caeron de repente nun pesado sono, do que non habían espertar ate ben entrada a mañá.

Movida por un repentino afán liberador, ou quizais

doutra índole (o verdadeiro motivo do seu heroico acto xamais quedou de todo esclarecido), burlando o seu carcereiro e entoando cánticos para se infundir valor, núa como fora rescatada do caiuco, Branca Odisea presentouse na praia das Ánimas baixo o colorista influxo dun repentino contrasol.

Na beiramar, sen esgrimir máis baluarte que o seu corpo feiticeiro, por defender Cristamar, vida e honra das súas conveciñas, entregouse e foi posuída por mil e un surinamsureños, pois viñan famentos e sedentos de sexo aqueles un e mil bárbaros.

E aconteceu que as ondas, para ocultar aos ollos do mundo tal aldraxe, levantaron biombos de espuma ao redor de Flor do Mar, e ruxiron en fervenzas brancas, que non se sabe se subían ou baixaban dos indignados ceos. Por outra banda, centos de gaivotas arremuiñáronse con moito barullo ao redor do faro, onde o ollo da ciclópea torre ficaba apagado dende a anoitecida, polas maquinacións dos invasores.

SEGUNDA ANDAINA

Onde se funda un convento e ao lado xorde unha congregación de putas

Contan as crónicas cristamariñas que ao chegar á praia das Ánimas a valente e arrebatada moza Branca Odisea, sen pensalo dúas veces, entregouse animosa ao inimigo. E foron tales as súas habilidades e tan grande a súa capacidade de sedución que os mil e un invasores, cheos de inesgotable luxuria, enarborando como única arma de ataque cadanseu erecto pao, fixeron cama do areal e postos en ringleira posuírona por rigorosa orde, dende os capitáns aos marmitóns. Despois, esgotados, foron caendo nun abafamento, ate quedar mansos coma as propias malvas. Mesmo esqueceron de onde viñan e os motivos que os levaran a invadir Cristamar, pórtico do mítico Finisterrae, punto da fin e do principio, onde logo de acontecer tan insólito fornicio de masas, perdeu, por unha boa causa, a honra e a vida a incomparable doncela alcumada Flor do Mar, de nome Branca Odisea.

Como de toda acción destacada ou vil sempre hai quen saque proveito, ao pouco empezou a circular un manuscrito de autoría anónima, no que se describían “As mil e unha maneiras e posturas de facer o amor en leito de area e auga”.

Desgraciadamente confiscado e destruído polos censores morais denantes de servirlle de proveito a ninguén.

Cometido o escarnio, os abafados rufiáns do Surinamsur, puxeron proa ao mar a escape tentando fuxir; mais as naos, sen tino nin goberno, extraviáronse no océano. Un neboeiro volveu o día noite e, ao redor das embarcacións, ruxiron ventos e bramaron entolecidos os dous mares.

Exércitos de ondas negras, nados da ira dunha repentina tempestade, botáronse sobre os barcos e partíndoos coma se fosen cascas de noz, arrastráronos con toda a tripulación ate a sima do océano.

Ao pouco, o mar foi cuspiendo á praia os innumerables tesouros que agachaban os piratas nas bodegas dos navíos.

No areal, cuberta de ouro, prata e primorosas alfaias, xacía a coitada Branca Odisea. As riquezas enviábanllas no colo das ondas os afogados amantes dende o leito dos abismos, onde por mandato do misterio, malia estar ben mortos e remortos, volveulles o acordo dela, e con el, o desexo de lle pagar con magnificencia de príncipes os favores recibidos.

Dende entón, unen os seus lamentos aos das arcanas voces que xorden do mar, e no ruxerruxe das ondas, láianse ás veces murmurando un nome que tripa polos cantís, desdobrándose en ecos de infinita tristura... Braaaanca, Branca Odiseeeea!

Cando espertaron daquel pesado sono, propiciado por un encantamento, os habitantes de Cristamar viron nos sucesos ate aquí contados o sinal dun portentoso milagre.

O SEU MILAGRE. E aquel día quedou gravado na memoria de todos os cristamariños para sempre.

Despois de tomar acordos e desacordos, nos que ningún deles se puña de acordo co seu veciño, á fin chegaron todos a unha decisión unánime. Non tardaron moito en levantar un convento con parte das riquezas rescatadas no areal, destinado a render culto a Branca Odisea, a arroutada moza que, fose cal fose a súa intención, co seu proceder salvou vida e honra de todas as cristamariñas, ao tempo que librou os homes de cometer con elas un espantoso e inxusto crime, e no mellor dos casos de se converteren eles en titulados cornudos.

Sen tardanza, canonizouna o pobo pola súa conta, namentres en Roma poñían o caso en interdito, ao non ter as cousas nada claras.

Dubidaban de se o heroico desmando respondera a un verdadeiro acto de amor e sacrificio cara ao próximo, ou simplemente a causa dos lúbricos desexos dunha moza desvergoñada e insaciable.

En tanto non se resolvía o asunto, dándolle as costas á calumnia e á igrexa romana, os cristamariños, co apoio irrefutable de todo o mullerío, nun multitudinario acto de vontades recoñeceron a Branca Odisea, primeiro como beata, outorgándolle de seguida o título de santa e patroa de Cristamar.

A peculiar *beatificación* duraba xa máis dun século, sen que en Roma se pronunciasen nin en contra nin a favor, cousa que aos cristamariños os tiña sen coidado. Para eles, a lanzal e arroutada moza era merecedora de tan

lexítima acuñación polos baixos motivos que tanto a elevaron.

Rematado o convento, de seguida naceu a orde relixiosa que se asentou nel, adoptando o nome das Odiseas Descalzas, aínda que xamais se vise monxa cos pés nus.

Á par que nacía dita comunidade, no veciño calello do Galo Falangueiro xurdía a das Magdalenarias ou prostitutas de oficio. E, adictos por igual á devoción e ao trouleo, fundouse sen tardanza a irmandade dos confrades do Pao Alzado, homes de moita fachenda, que repartían equitativamente o seu tempo de rezos e o de folgar entre ambas as dúas institucións.

As monxas, que asumiron nun instante o título de Beatas Custodias dos Santos Principios, outorgado á congregación por elas mesmas, adicábanse, entre outras cousas, a rezar con cándido fervor polos homes deshonestos e as mulleres perdidas, convencidas de que non había peor delicto que o da luxuria. Segundo o seu parecer, as que se entregaban aos praceres da carne por gusto eran unhas grandísimas pecadoras, tal que as súas desvergoñadas veciñas. Mais algunhas delas, na intimidade das celas, perturbábanse ao imaxinar cómo serían e qué lle aportaban aos corpos das putas tales deleites.

O pecado, inquirir nel, deixar que tomase posesión da carne intacta nunha claudicación total, ate xemer de dor e ledicia, a pel perlada de suor, as pernas abertas na postura da entrega... O éxtase... si, entregarse a el, aínda que viñera a elas por ocultos e tortos camiños... Morrer, morrer nos brazos dun amante imaxinado, sumidas nun estado de

febril desvarío. Logo tocaba arrepentirse, rezar, botar man do flaxelo e auto castigarse ate a mortificación, caendo así nun segundo pecado. O masoquismo.

Con verdadeiro celo vixiaban e coidaban as irmás os tesouros e reliquias depositados no convento dende os primeiros días da súa fundación. Na capela gardaban restos de mártires e santos de acreditada autenticidade. Había alí ósos, unllas, rizas cabeleiras... Primorosas ampolas de vidro que contiñan diversos fluídos corporais. Ate frasquiños co seme das involuntarias exaculacións de santos anacoretas, que viviran en perpetua loita coas tentacións da carne. Vísceras resecas, corpiños pequenos, enrugadiños como froitas confeitadas, e que aínda despedían olor... Todo, todo o gardaban e atesouraban as monxas sen noxo en arquetas de sándalo e prata, distribuídas polas fornelas e andeis dos retablos barrocos da gran capela.

Entre as reliquias máis famosas salientaba unha moi particular. Tratábase do corpo da beata Felicia, unha adolescente que fora cosida a coiteladas. Ao rostro de Felicia faltábanlle os beizos. Nun pergamiño que explicaba o seu martirio poñía que llos comera un herexe dunha chantada. No peito aberto en canal, no oco onde debía aniñar o corazón da mártir, abroiaba unha flor. Unha azucena de delicado aroma que se mantiña fresca e en perpetua brancura. Aquela nena morta, chamada a beata Felicia, fora martirizada e violada pola súa fe, que, estoica, sostivo ate o último alento. A beata Felicia, por tanto sufrimento, convertérase en arquetipo e tesouro das

monxas. Ate que un día, de súpeto, deulle por elevar as pálpebras e mirounas en fite, os ollos feros, acesos, de loba en celo. Daba arrepiós... Mesmo o branco lirio que enraizara no seu peito se escurecera e despedía un cheiro desagradable... As monxas, asustadas, sen atinar coa explicación de todo aquilo, acabaron agachánda baixo dun altar. Non aturaban enfrontar o rostro mutilado nin a desconcertante e aterradora ollada da defunta, que ao miralas, asumía un aceno de obscena maldade.

As tarefas do convento repartíanse cunha disciplina exemplar entre toda a comunidade. Dende a amañecida ate o solpor, formiguiñas iluminadas e facendosas, adicábanse as monxas aos seus rezos. Nos entremedios laboraban dilixentes e prodigaban socorros entre os veciños máis desfavorecidos de Cristamar.

—Nós, non somos corpos. Almas revestidas cos sagrados hábitos da Orde das Descalzas, iso é o que somos. Estamos aquí para darnos en espírito, non o esquezades –dicíalles ás novicias a irmá María das Marabillas, superiora do convento.

Ela mesma era a encargada de pasar o ferro e mudar os amidoados manteis nos sacros altares. Mudábaos dúas veces ao día, aínda que estivesen limpos e sen ningunha enrugada. Namentres que a irmá do Amor Fermoso e a da santa Encarnación daban lustre como posesas a canta prata, bronce ou vidro houbese entre fornelas ou lámpadas.

A da santa Encarnación ocupábase tamén dos arranxos florais. As demais lustraban, fregaban, bordaban, facían

compotas e aínda lles quedaba tempo para tocar o órgano ou o virxinal, flaxelarse, levitar se cadraba, e rexoubar de cando en vez, debilidade da que nin a máis santa se libraba. Ou asexar as súas veciñas con moito disimulo, cousa que as rameiras tamén facían, pois caeran no vicio de espreitarse unhas ás outras con morbosa curiosidade.

Ambas as dúas comunidades, cada unha no seu, eran exemplo de sacrificio e laboriosidade, e malia desempeñar oficios tan contrarios, coincidían no amor e devoción que todas sentían por Branca Odisea, a arrotada santa proclamada polos cristamariños había case un século.

Nun recanto da horta cultivaban as monxas herbas medicinais. Madre *Chola* dos Perús, experta en botánica, era a encargada de plantar, seleccionar e macerar herbas específicas, que curaban os máis diversos males, tanto do corpo como do espírito.

Madre *Chola*, fascinada pola historia e milagres atribuídos á santa de Cristamar, da que lle chegaran noticias a través das reverberacións da lúa no seu espello de man, era unha ensalmeira peruana que con tres compañeiras cruzara o océano para tomar os hábitos das Odiseas. Dende que entrara no convento, o seu era a farmacoepa vexetal, non habendo doutor nin menciñeiro que puidese igualar a monxa importada en tales coñecementos, xa que a *Chola* descendía dunha estirpe de *chamans*, cuxas raíces xermolaban no corazón do Altiplano no mesmo instante en que a humanidade botara a andar.

—Estamos aquí –dicíalle a ensalmeira ás súas axudantas– para servir á santa e ao convento; pero tamén

para beneficiar cos nosos coñecementos estas pobres xentes, que en canto teñen que recorrer á medicina, Deus diante, caen nas mans dun fato de ignorantes. Velaí senón eses doutores de tanta titulada ciencia, aos que lles morren os doentes coma moscas, e que ás veces, coa intención de curar, abren os corpos coma se fosen carniceiros. A cirurxía é o máis estrepitoso fracaso da medicina nestas terras que se teñen por civilizadas. Xamais o esquezades.

Madre *Chola*, onde puña a man puña o remedio. Nos seus grandes ollos, espellos de obsidiana, mirábanse con fervor os doentes, e ela, de seguida detectaba os males físicos ou espirituais que os roían por dentro. Ao pasar as milagreiras mans por un corpo enfermo, sabía a monxa con precisión onde estaba o dano, e era quen de curalo sen agredilo con lancetas ou tatuaxes de repulsivas samesugas, como facían os doutores. De xeito que a fama da monxa herbeira (así deron en chamala) estendérase máis alá das portas e os mares de Cristamar.

Eran moitos os peregrinos que se achegaban ao convento en busca de remedio para os seus males. Especialmente no día de santa Branca Odisea, en que Cristamar, ano tras ano, renovaba os seus milagres.

A dos Perú sandaba con ensalmos, herbas, emplastos e pomadas, enfermidades do fígado, riles, ulceracións, xaquecas, e canta infección houbera estancada tanto fóra como dentro do corpo.

Con certas herbas provocáballe o aborto á que renegaba de ter fillo, pois parecíalle peor o delito de traer un neno a

este mundo para empezoñalo co desamor máis grande. O da nai que renega do seu.

Tamén era quen de reter no útero o froito desexado, cando a muller estaba a piques de mal parir. E co fin de reducir o tamaño e as contraccións da matriz receitáballes ás múltiparas un bebedizo que preparaba coas floriñas azuis do Claviceps purpúrea, ou cornizó de centeo.

Había no herbolario da ensalmeira, remedios específicos contra a luxuria, contra a excesiva temperanza, a envexa e o mal de amores. Había remedios para todo.

Dos Perú trouxera a monxa as sementes dunha planta de cor verde tenra que devecía pola luz. Baixo os auspicios do sol, florecía na horta en acios estrelados. As follas arremuiñábanse vivas e enredándose no aire semellaban rebuldeiras mans. Chamábase haxix. Madre *Chola* apreciaba moito aquela herba, e gustaba de sazonar con ela guisos e infusións. A toda a comunidade lle prestaban de marabilla os seus aliños, pois logo de xantar ou beber unha tisana, dáballes ás monxas por bailar, botar grandes parrafeos ou rir sen ton nin son. Ate de propiciar falsos milagres. Logo, cansas, acaloradas de tanto enredo, espíanse das tesas toucas e dos ásperos hábitos e deitábanse baixo as árbores do xardín, abandonándose núas a un plácido e reparador soño.

As veciñas, abraiadas, agatuñaban polo muro do convento por velas neses trances, e pedíanlle de favor á monxa *Chola* unhas poliñas daquel pirixel tan raro, para alegría dos seus adobos. Esta ás veces pasáballes a herba, e elas fumábana. Ao pouco, dáballes por cantar a berros a seguinte copla:

Tralarareeeiro, tralarariiro!
O piringallo de santo Piroliro
tanto serve de consolo
como compre de castigo.
Cregos e monxas dinlle oracións
e préndenlle lume coa súa devoción!

E as monxas, picadas e anoxadas, exhortábanas tamén
coas seguintes músicas.

–Fillas da impudicia,
leas renegadas!
Arrepentídevos
axiña dos vosos pecados,
ou seredes condenadas!

Ate que Madre *Chola*, para evitar aquelas retesías e a
liviandade das monxas, cortoulles a todas a subminis-
tración da herba e confiscou o haxix.

No tocante ao uso do rosario, Madre *Chola* e as súas
axudantas diferían das Odiseas Descalzas no modo e
maneiras de guialo e rezalo.

Namentres as monxas cristamariñas bisbaban os
misterios e debullaban as doas de acibeche nun ambiente
de tenebroso recolleto, elas, con cadanseu rosario de
floriñas e herbas trenzadas nas mans, ían espelicando
pétalos e cantando deste xeito:

—Primeira herba! —dicía a dos Perú, que era quen
guiaba.

—Herba da trindade! —respondían as outras, loubando
acto seguido as súas propiedades.

—Segunda herba.

—Herba da cruz!

—Terceira herba.

—Herba belida!

—Cuarta herba.

—Herba das malladas!

—Quinta herba.

—Herba das feridas!

—Sexta herba.

—Herba das quenturas!

—Sétima herba.

—Herba das arrepentidas...

Logo viñan a herba do aire, da cobra, herba da fame, do
morto, herba dourada, estrelada, do mar, do orballo, de
santa Catarina, de santa Cunegunda, herba de santa María,
de santo Antón, herba de san Xoán... E continuaban as
monxas nomeando as herbas do santo Herbario e os seus
beneficios, namentres debullaban o rosario floral, de feito
que ao finalizar tal ladaíña, polo escuro ámbito da capela
como charamuscas revoaban pétalos.

As outras irmás, aínda que en moitas cousas discre-
paban de Madre *Chola*, pouco a pouco fóronlle collendo
gusto, e adoptaron o costume das monxas peruanas. O rito
de rezar o rosario no convento acabou converténdose en

alegre e aromática liturxia da que participaba toda a comunidade. No oratorio, as bocas semellaban incensarios e con cada palabra expelían frescos arrecendos.

Nun recuncho do xardín do convento había un pequeno cemiterio. Camposanto onde de antigo soterraban as monxas e os meniños que lles nacían mortos ás prostitutas do Galo Falangueiro. Ao non recibir bautismo, os infantes eran soterrados sen cadaleito, envoltos nun simple lenzo.

Ate que a monxa herbeira empezou a ocuparse deles.

Ela mesma, cando morría algún, cavaba a pequena fosa, e logo dun tempo, con misteriosos conxuros remexía as cinzas, que ao xermolar daban unha flor lila que tiña a feitura dun paxaro. Cando o vento sopraba do sur, os paxaros-flor cantaban como reiseñores. Mais eran os asubíos tan nostálxicos e tristes que ao escoitalos, choraban monxas e prostitutas sen saber ben porqué, e asomáballes a alma aos ollos nas bágoas.

ÍNDICE

INTROITO. De cómo nace un soño	11
PRIMEIRA ANDAINA. Que trata da vida e milagres de santa Branca Odisea	15
SEGUNDA ANDAINA Onde se funda un convento e ao lado xorde unha congregación de putas	21
TERCERA ANDAINA Onde acontecen marabillas sen par, dende o convento ao lupanar	33
CUARTA ANDAINA Trindade	39
QUINTA ANDAINA Bordelino	43
SEXTA ANDAINA Soños	47
SÉTIMA ANDAINA Aleluias e portentos	51

OITAVA ANDAINA	57
Aquí fálase entre outras cousas, duns órganos prodigiosos	
NOVENA ANDAINA	67
A profecía de Cristamar	
DÉCIMA ANDAINA	73
Arrecendos	
UNDÉCIMA ANDAINA	77
Alma	
DUODÉCIMA ANDAINA	83
As Sauras	
DECIMO TERCEIRA ANDAINA	87
Clara	
DÉCIMO CUARTA ANDAINA	93
Clara no inferno	
DÉCIMO QUINTA ANDAINA	99
Clara no altar	
DÉCIMO SEXTA ANDAINA	103
A procesión	
DÉCIMO SÉTIMA ANDAINA	105
Na que se cumpre a profecía	
SÍNTESE	109